



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 18.11.2020**

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 18.11.2020

HORA DE COMEZO: 12:05 h.

HORA DE REMATE: 12:35 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. César Blanco Gómez

D^a Mercedes Castro Mouzo

D. José María Franco García

D^a Marta Iglesias Bueno

ESCUSAN ASISTENCIA

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O mércores, día 18 de novembro de 2020, ás 12:05 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22.09.2020).
2. Informe do presidente. Avance 2021. Propostas Plan de actuacións.
3. Asuntos pendentes.
4. Acordo que proceda sobre a participación do Consello Social nas Xornadas "sODStendo o Planeta. Semana da Axenda 2030 na UVigo", en colaboración coa Vicerreitoría de Responsabilidade Social, e patrocinio do *Premio CS_UVigoHumana*.
5. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada por ESDEMGA para organizar o Programa "Debut 2020", para conectar aos estudantes do centro coas empresas téxtiles.
6. Acordo que proceda sobre a petición de apoio ao "I Encontro Universidade-Empresa", organizado pola Asociación da pequena e mediana empresa de Pontevedra.
7. Acordo que proceda sobre a petición de patrocinio da publicación *Ensayos académicos. Iberoamérica y Galicia*, do que é autor José María Franco.
8. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico para a publicación do libro *La conciliación: un derecho imprescindible en el siglo XXI*, sobre un traballo de Raquel M^a Vázquez.
9. Aprobación, se procede, da convocatoria de Prácticums para o ano 2021, e da dotación económica correspondente. Revisión das bases e adaptación de ser o caso.
10. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico presentada pola Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, para divulgar os seus coñecementos entre a sociedade, a través da Aula Aberta á Tecno-Ciencia.
11. Modificación do acordo da sesión de 21 de maio, sobre a execución da axuda concedida para a posta en marcha da web "Comunidade Alumno" da UVigo.
12. Modificación do acordo da sesión de 21 de maio, sobre a execución da axuda concedida para colaborar na organización de "Pont Up Store 2020: espazo de emprendemento".
13. Acordo que proceda sobre a edición, en galego e castelán, do traballo "Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da COVID-19 nas persoas tituladas da UVigo", elaborado dentro do proxecto Observatorio de Egresados.
14. Rogos e preguntas.

Os asistentes reciben exemplares das publicacións "100 titulacións da UVigo 1990-2015", de Luis Espada e Víctor M .Cacharrón; "Barómetro de empregabilidade da UVigo", de Gloria Caballero e María Jesús López; e "Sobre debates electorais e novas formas de comunicación política", coordinado por Iván Puentes-Rivera, Ana Belén Fernández-Souto e Montse Vázquez-Gestal, todos eles patrocinados polo Consello Social.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22.09.2020).

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 2

Informe do presidente. Avance 2021. Propostas Plan de actuacións.

Ernesto Pedrosa transmite aos presentes a posibilidade de que fagan aportacións ou propostas ao Plan de actuacións do Consello Social para 2021, que se elaborará con carácter aberto para presentalo no último pleno do ano. Anticipa que algunhas das iniciativas previstas para 2020 e que non se puideron levar a cabo pola COVID-19, serán trasladadas a 2021, xunto con outras novas entre as que destaca unhas xornadas sobre universidades e a súa influencia nos Camiños de Santiago, que intentarán organizarse dende o Consello Social se as circunstancias son propicias.

PUNTO 3

Asuntos pendentes”.

O presidente dá conta do reparto de carpetas-guía patrocinadas polo Consello Social e que se está a efectuar entre todos os alumnos da UVigo. Así mesmo informa da publicación dun anuncio do Consello Social na revista “Tempos Novos”, e dá conta das axudas concedidas pola Comisión durante este ano, e unha comparativa con 2019. A este respecto engade que pese a terse tratados menos puntos e celebrarse menos reunións, o importe total interanual das axudas é moi similar, se ben advirte que algunhas das axudas aprobadas foron decaendo a causa da pandemia, quedando unha importante partida económica sen poder executar.

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a participación do Consello Social nas Xornadas “sODStendo o Planeta. Semana da Axenda 2030 na UVigo”, en colaboración coa Vicerreitoría de Responsabilidade Social, e patrocinio do Premio CS_UVigoHumana.

Coa finalidade de entrar de cheo nos Obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) que impulsa a ONU no marco da Axenda 2030, o Consello Social promove esta iniciativa para axudar a integrar e madurar o compromiso universitario cos ODS. Ábrese esta valiosa vía de colaboración coa Vicerreitoría de Responsabilidade Social, que ten como obxectivo recoñecer o labor desenvolvido por persoas físicas, institucións, colectivos ou organizacións non gobernamentais, que teñan sobresaído pola súa traxectoria en calquera ámbito vencellado coa solidariedade e a cooperación.

- ***Apróbase unha aportación de 1.699,50 €.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada por ESDEMGA para organizar o Programa “Debut 2020”, para conectar aos estudantes do centro coas empresas téxtiles.

Os estudos superiores do título propio en Deseño téxtil e Moda de Galicia (ESDEMGA), que se extinguirá en 2021, organizan esta iniciativa –que este ano permitirá a 29 alumnos presentar as súas creacións e participar nas actividades para titulados e contratadores. O desfile final farase en formato virtual ante as grandes marcas do sector, que teñen confirmada a súa participación tanto en modo presencial como online. O presidente propón manter a mesma aportación do pasado curso, en atención as circunstancias excepcionais que se están a dar.

- ***Concédese unha axuda de 2.600 €.***



PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a petición de apoio ao "I Encontro Universidade-Empresa", organizado pola Asociación da pequena e mediana empresa de Pontevedra.

Organizado pola Asociación que agrupa á pequena e mediana empresa de Pontevedra, baixo o lema *innovación, reinvenção e acción*, a convocatoria está orientada a proporcionar coñecementos e intercambios recíprocos mutuos entre a universidade e os empresarios, e buscar as oportunidades nunha situación económica e sanitaria tan adversa e excepcional como a presente. As sesións serán abertas á sociedade no seu conxunto, e está previsto que poidan celebrarse tanto na modalidade presencial como virtual, dependendo das medidas en vigor nese momento. O presidente acredita o interese da iniciativa e propón colaborar na maior medida posible.

- ***Apróbase unha axuda de 6.200 €.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a petición de patrocinio da publicación Ensayos académicos. Iberoamérica y Galicia, do que é autor José María Franco.

Na súa exposición, Ernesto Pedrosa afirma que o traballo recompila unha selección das investigacións do autor, feitas en países iberoamericanos e europeos. Engade que son textos inéditos nos que a problemática agraria e o desenvolvemento rural en países iberoamericanos, así como a Política agraria común teñen unha destacada presenza, ademais dos capítulos sobre o Dereito agrario da UE e de Galicia, as Fundacións, a investigación na universidade, o Mecenado, ou a reclamación da posta en marcha do Instituto galego de estudos iberoamericanos. O secretario matiza varios aspectos referidos ao alto custe da edición.

- ***Apróbase a concesión de 4.108 €, debendo entregar 35 exemplares ao Consello Social.***

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico para a publicación do libro La conciliación: un derecho imprescindible en el siglo XXI, sobre un traballo de Raquel M^a Vázquez.

Explica o presidente que a conciliación en relación coa familia e o traballo é o tema central deste estudo, no que se amosan medidas e se abordan distintas ópticas que teñen en conta as dificultades, as barreiras, o xénero, a mediación, as estratexias Empresariais e o papel que están a xogar as TIC's. A autora considera a conciliación unha área prioritaria para unha sociedade xusta e igualitaria, e avoga por facer unha labor de sensibilización das novas xeracións, comezando polos universitarios.

- ***Apróbase unha aportación de 2.776,80 €, debendo entregar 35 exemplares ao Consello Social.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede, da convocatoria de Prácticums para o ano 2021, e da dotación económica correspondente. Revisión das bases e adaptación de ser o caso.

Infórmase á comisión do alto nivel de incidencias que afectaron durante 2020 ás actividades apoiadas por esta convocatoria, debido ás limitacións impostas –sobre todo de mobilidade- para frear a expansión do COVID-19. Xustifícase así a baixa execución das axudas, e as autorizacións excepcionais que se foron aprobando para que os centros puidesen modificar os programas e actividades que foran inicialmente presentadas, así como cambiar a virtuais as iniciativas concibidas inicialmente como presenciais. Tendo en conta que a situación excepcional continua e que esta convocatoria permite desenvolver aprendizaxes de formación práctica para os estudantes



que doutro xeito dificilmente se poderían realizar, adecúanse as bases para que teñan a mesma consideración as actividades presenciais ou telemáticas, e para que, á hora de baremar as solicitudes desta próxima edición se suspenda o criterio de primar a maior execución das axudas en 2020, debido aos obstáculos provocados pola COVID-19 para desenvolverlas.

- ***Proponse abrir unha nova convocatoria para o curso 2020-2021, con unha dotación económica global de 30 mil euros, e un máximo de 5.000 € por centro.***

PUNTO 10

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico presentada pola Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, para divulgar os seus coñecementos entre a sociedade, a través da Aula Aberta á Tecno-Ciencia.

O centro prevé a creación dun espazo específico de divulgación científica, tecnolóxica e investigadora, especialmente dirixido aos centros de educación secundaria e bacharelato, ciclos formativos de FP, programa de maiores e cidadanía en xeral a través das asociacións de veciños. O alumnado do centro participa nas actividades interactivas dos dous módulos (topografía con realidade aumentada e visión infravermella para contemplar o mundo). O presidente subliña o interese da iniciativa.

- ***Concédese unha axuda de 4.500 €.***

PUNTOS 11 e 12

Modificación do acordo da sesión de 21 de maio, sobre a execución da axuda concedida para a posta en marcha da web "Comunidade Alumni" da UVigo.

Modificación do acordo da sesión de 21 de maio, sobre a execución da axuda concedida para colaborar na organización de "Pont Up Store 2020: espazo de emprendemento".

Explica o secretario as circunstancias que concorren nestes dous puntos, sinalando que se trata de autorizar o traslado a 2021 do gasto de actividades aprobadas pero que non puideron ser desenvolvidas dentro do exercicio de 2020, tal e como esixen as normas do Consello Social. Os asistentes admiten, de xeito excepcional, estender ata 2021 varias axudas concedidas neste ano debido as interferencias ocasionadas polas medidas sanitarias impostas para facer fronte á pandemia. As axudas que quedan pendentes (6.151 € para a posta en marcha do proxecto "Comunidade Alumni"; e 1.809,20 € para desenvolver o "Pont Up Store 2020"), atendendo ás solicitudes dos respectivos responsables, poderán ser executadas en 2021 na mesma finalidade para a que foron concedidas.

- ***A Comisión dá a súa aprobación.***

PUNTO 13

Acordo que proceda sobre a edición, en galego e castelán, do traballo "Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da COVID-19 nas persoas tituladas da UVigo", elaborado dentro do proxecto Observatorio de Egresados.

Informa o presidente que, dentro da actividade que están a desenvolver Luis Espada e Víctor M. Cacharrón ao fronte do Observatorio de egresados, baixo o patrocinio do Consello Social, presentase un completo estudo sobre o impacto laboral que tivo a primeira ola da pandemia nas persoas tituladas da UVigo, entre marzo e xuño de 2020. Recolle testemuñas sobre a experiencia vivida en 27 países dos cinco continentes; resultados da enquisa sobre o impacto laboral, sanitario nas persoas que desenvolven as súas profesións en Galicia, outras comunidades ou no estranxeiro, así como 155 anexos. Trátase dun estudo único no sistema universitario español.

- ***Apróbase asignar 10.108,80 euros para editar 250 exemplares do traballo en galego e outros 250 en castelán.***



PUNTO 14

Rogos e preguntas.

José María Franco amosa a importancia de coñecer os métodos que está a aplicar a UVigo para captar alumnado, facendo mención expresa á oportunidade de promover iniciativas en Iberoamérica ao respecto. Resposta o secretario que a vicerreitora competente será invitada ao próximo Pleno do Consello Social para informar dos datos de matrícula do actual curso, polo que poderá responder a esta cuestión durante a súa comparecencia.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:35 horas do 18 de novembro, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias